

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O deputado **Juan Manuel Fajardo Recouso**, pertencente ao **grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás consecuencias para o sector produtivo primario do TTIP.

Unha vez mais o conxunto de poderes da UE está negociar cos Estados Unidos de Norte América un tratado de libre comercio, que entre outras cousas, pode supoñer o fin dos nosos sectores primarios, nomeadamente a pesca e acuicultura extensiva, sen entrar a valorar o conxunto deste acordo, que conta coa total oposición das organizacións que compoñemos AGE, parece realmente unha irresponsabilidade estar a tramitar un proxecto de lei como o da acuicultura sen que se teña en conta as obrigas que deste tratado se poden derivar para este sector, que implican por exemplo que poidan acabar producíndose no país peixes de orixe transxénico, incidindo de forma absolutamente descoñecida no noso medio natural, soamente esta cuestión unida o principio de prudencia debera facer replantexarse ao goberno a tramitación a actual lei de Acuicultura.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Ten previsto o Goberno escoitar ao conxunto do sector para evitar aprobar unha norma que pon en risco o noso sector primario?

En Compostela, a 28 de decembro do 2015.

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso



**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 28/12/2015 09:22:25**